



## DECALOGO DO GALEGO

1. **Fala en galego sempre que poidas.** Coa familia, cos amigos e amigas etc. Fai o propósito de falar en galego a quen sabes que te entende aínda que até o de agora lles falases en castelán.

2. **Respecta a aquelas persoas que che falen noutra lingua,** mais esixe que tamén as outras persoas respecten a túa.

3. **Diríxete en galego a todos e todas:** na rúa, por teléfono, no centro de ensino, no traballo. Verás que te entenden. Continúalles a falar en galego, aínda que che respondan noutro idioma.

4. **Se alguén se esforza en falar o noso idioma, axúdalle e demóstralle que valoras o seu comportamento.** Ás persoas que coñezas que entenden o galego coloquial, mais mostran curiosidade por algún termo que ignoran, explícalles o significado desas palabras, axudándoas a ampliar o vocabulario.

5. **Respecta as diferenzas locais da lingua.** Coñece as particularidades de cada zona. Esta é a riqueza do galego, como a de todas as linguas.

6. **Toma a decisión de escribir todos os apuntamentos, notas, correos electrónicos e cartas en galego.** A partir de hoxe pon sempre o teu nome en galego. Fai mudar os teus papeis, impresos, rótulos etc. Sería ben triste que por aforrar uns pequenísimos gastos deixásemos de contribuír á expansión do noso idioma.

1.

7. **Faite subscritor/a de publicacións escritas total ou en boa parte en galego. Le libros, asiste a espectáculos teatrais, musicais, cinematográficos, visita páxinas web etc, na nosa lingua.**

8. **Esixe de todos, mesmo das institucións máis rutineiras, que che escriban en galego.** Faino amabelmente. Non perdas o tempo e os nervios en pelexas cos inimigos declarados da lingua do país. Déixaos de lado, ignóraos.

9. Se tes como lingua familiar o castelán, **interésate pola nosa lingua. Loita contra a inxustiza fomentada durante tantos anos.** Toda a represión dunha lingua é un acto de barbarie. E sobre todo tenta falala e escribirla, porque a mellor defensa de calquera lingua é o seu uso.

10. Se sentes un bloqueo psicolóxico, como adoita ocorrer para pasar a falar en galego con persoas e en ambientes en que sempre falaches castelán, **comeza por usalo cos descoñecidos, a practicalo en situacións novas, para ilo introducindo despois na túa esfera habitual.** Non te avergoñes dos defectos de pronuncia ou escrita; respectar o galego mais a distancia, "sen rompelo nin lixalo", iso si que deteriora o idioma.

